

DEMANDAS USIE-GALICIA

Con data do 21 de febreiro de 2019, a Unión Sindical de Inspectores de Educación, USIE-GALICIA, presentou escrito ante a Conselleira de Educación demandando algunhas melloras relacionadas coa Inspección Educativa. Ante a falta de resposta por parte da Consellería, con data de 8 de xullo, USIE-GALICIA reiterou algunhas das demandas con escritos remitidos a Excm. Conselleira de Educación, Universidade e FP, ao Director Xeral de Educación, F. PP e Innovación Educativa e á Subdirectora Xeral e Inspección, Avaliación e Calidade.

Ante a falta de resposta algunha por parte da Consellería e a desatención das demandas presentadas, os inspectores e inspectoras de USIE Galicia, acordaron na reunión xeral anual, celebrada o 21 de novembro, reiterar as seguintes demandas:

1. Cobertura en caso de accidente. A Administración encomenda aos inspectores e inspectoras de educación tarefas propias do posto de traballo que esixen o desprazamento por estrada por razón de servizo, utilizando necesariamente os seus vehículos particulares. Así o contemplaba a Orde do 15 de marzo de 2011, pola que se convocaban axudas económicas para compensar gastos derivados dos accidentes de tráfico de persoal en función docente ou inspectora. Dende o 2011 non se volveu a publicar convocatoria algunha con axudas económicas co fin de compensar gastos derivados de accidentes de tráfico á inspección educativa, entre outros colectivos. Por este motivo, USIE-GALICIA demanda a solución deste baleiro, ben mediante publicación de convocatorias anuais, como se viña facendo, ou ben a través dunha póliza de seguro que cubra especificamente os danos propios ou de terceiros producidos 'in itinere' nos desprazamentos dos inspectores e inspectoras.

2. Plan de Inspección. USIE-GALICIA demanda harmonizar e repensar as actuacións do plan anual de inspección en busca dunha maior eficacia e valor engadido á calidade do sistema educativo, así como unha maior adecuación á xornada de traballo dos inspectores e inspectoras. Nos últimos anos os plans de

inspección son reiterativos con acumulación de accións de xeito censal, na maioría dos casos, que esixen a supervisión da mesma documentación ano tras ano, incluso en documentos que teñen unha validez plurianual, polo que xa non se aporta valor engadido.

A acumulación de actuacións propicia que as accións dos inspectores/as teñan que ser realizadas en modo *express* para poder cumprilas todas. Esta planificación reiterativa, pero extensa, prexudica a presenza da inspección nos centros, a supervisión e control, o asesoramento e a orientación directa.

A todo o anterior hai que engadir as actuacións incidentais, imprevisibles e caracterizadas pola inmediatez, cada vez mais abundantes e que esixen mais dedicación, requirindo unha actuación obrigatoria e resolutiva por parte da inspección. Implicando en moitos casos a realización de informes para outras instancias,

Por todo o anterior USIE-GALICIA demanda a elaboración dun Plan Plurianual de Inspección Educativa, que gradúe as actuacións por un período de catro anos, sen repeticións, e cunha asignación temporal suficiente para unha acción profunda por parte dos inspectores que permita aportar un maior valor engadido aos centros.

3. Persoal administrativo e procedementos administrativos. Hai sedes de inspección educativa, como as de Vigo e Lugo, nas que hai unha escaseza de persoal administrativo para levar a diante o traballo requirido actualmente no servizo o que supón unha mala atención aos cidadáns e que os inspectores e inspectoras teñan que estar realizando traballo administrativo que non lles corresponde.

Ao anterior hai que engadir que dende a administración estase encargando ao servizo de inspección labores de recadación de datos que deberían realizar os distintos servizos, que non encaixan dentro da función inspectora e nos que a intermediación da inspección non aporta ningún valor.

4. Actualización da normativa que regula a inspección de educación. O decreto que regula a organización e o funcionamento da Inspección Educativa na Comunidade Autónoma de Galicia, así como o procedemento de acceso ao corpo

de inspectores data no ano 2004 (Dto. 99/2004), ao igual que a Orde que o desenvolve (13 de decembro). Tras 19 anos esta regulación quedou obsoleta e necesita actualización –o que ocorre con outras moitas normas como os ROCs de primaria e secundaria–. Xa non se axustan nin ao sistema nin as funcións actuais da Inspección Educativa polo que solicitamos que se inicie un proceso consensuado, co propio corpo de inspectores/as e coa participación deste sindicato, para a actualización de dita normativa.

5. Formación específica para a inspección educativa. A inspección educativa ten dentro das súas funcións a realización de informes específicos, actas, propostas, estudos técnicos, ditames, etc, así como o asesoramento, control e supervisión pedagóxica e organizativa dos centros educativos. Todas estas funcións requiren unha formación continua e específica. Polo que USIE Galicia demanda que se faga un plan de formación específica para a inspección educativa que esta organizada a través da EGAP.

6. Instalacións adecuadas para Inspección. Nestes momentos Pontevedra é a única sé de Inspección educativa, en toda Galicia, que carece de despachos para cada un dos Inspectores. Pola natureza das funcións trátase con información sensible (malos tratos, violencia de xénero, problemas familiares, datos que poden identificar a un alumno ou alumna e/ou aos seus proxenitores e un amplo abano de datos persoais, familiares, médicos, económicos e da esfera íntima das persoas que os inspectores e inspectoras atenden a diario nos seus despachos), tanto en entrevistas persoais coma na atención telefónica. De acordo coa LOPD débense poñer os medios para evitar que as persoas alleas, accedan a dita información. Polo exposto USIE-GALICIA demanda para a sede de Pontevedra despachos pechados para todos os inspectores e inspectoras.

7. Representación da Inspección Educativa no órganos de organización e supervisión do sistema educativo. A Inspección Educativa ten como unha das principais funcións a de asesorar e supervisar o sistema educativo. USIE-GALICIA

demanda que a Inspección Educativa teña representación nos distintos órganos ou foros nos que se establece e supervisa as propias accións e políticas educativas.

No Consello Escolar de Galicia están representados os sectores afectados: Profesorado, Nais/Pais, Alumnado, Persoal de Administración e Servizos, Titulares dos centros privados, Centrais Sindicais, Organizacións Empresariais, Administracións locais, Universidade, ... A falta de representantes da Inspección Educativa deixa este órgano sen un dos máis importantes axentes do sistema educativo e que máis pode aportar pola súa visión global do sistema e todos os seu participantes.

8. **Inspección universitaria.** Tanto a Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema universitario de Galicia como o Decreto 36/2016, do 23 de marzo, polo que se regula a inspección no ámbito universitario na Comunidade Autónoma de Galicia establecen que *“O equipo de inspección universitaria estará integrado por persoal funcionario de carreira pertencente aos grupos A1 e A2, dependente da consellería competente en materia universitaria”*.

USIE-GALICIA demanda que dita función sexa realizada polo corpo de inspectores de educación, como xa fan outras comunidades.

En espera das súa resposta enviámoslle un cordial saúdo.

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.



Presidente

Vicepresidente

Secretaria

Antonio Estévez Rodríguez

M. Enrique Prado Cueva

Yolanda Cadorniga Díaz

Excma. Conselleira de Educación, Universidade e FP